

CENTRO: IES Castro de Baronceli

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO TECNOLOXÍA

CURSO 2022-2023

MATERIAS:

- TECNOLOXÍA 2º ESO
- PROGRAMACIÓN 2º ESO
- TIC 4º ESO

Sumario

1.-Introdución.....	4
1.1.-Marco legal.....	4
1.2.- A Tecnoloxía na ESO.....	4
1.3.- A Programación na ESO.....	4
1.4.- As TIC na ESO.....	5
2.-Contextualización.....	5
2.1.- O centro: características ambientais-espaciais.....	5
2.1.1 Características da zona :.....	6
2.1.2 Características do centro:.....	6
2.2 O alumnado:.....	6
2.3 O profesorado e o persoal laboral do centro:.....	7
2.4 O entorno sociocultural e familiar.....	7
3. Obxectivos.....	7
3.1 Obxectivos xerais de etapa.....	7
3.2 Obxectivos específicos da materia Tecnoloxía.....	8
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	9
5. Vinculación de Contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	11
5.1. Tecnoloxía, 2º de ESO.....	11
5.3.Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO.....	15
6. Distribución de contidos en unidades didácticas (Temporalización).....	20
6.1.Táboa de temporalización:Tecnoloxía de 2º Da ESO.....	20
6.2. Táboa de temporalización: Programación de 2º da ESO.....	20
6.4. Táboa de temporalización: TIC´s de 4º da ESO.....	21
6.1. Relación de unidades didácticas.....	21
6.1.1 Unidades didácticas de Tecnoloxía 2º da ESO.....	21
6.1.2. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación, metodoloxía e temporalización por trimestres empregada en cada unidade didáctica na Tecnoloxía de 2º de ESO.....	22
6.1.3. Unidades didácticas Programación 2º ESO.....	25
6.1.4. Estándares de aprendizaxe,.....	26
6.1.5-Unidades didácticas TIC 4ºESO.....	29
6.1.6.- Organización dos contidos de TIC´s.....	30
7. Concrecións metodolóxicas.....	30
7.1. Metodoloxía.....	31
7.2. Instrumentos metodolóxicos:.....	31
7.3. Metodoloxía (confinamento).....	32
7.4. Instrumentos metodolóxicos (confinamento):.....	32
8. Contidos Transversais.....	32
8. Contidos Transversais.....	32
9. Conexións Interdisciplinares.....	33
10. Materiais e recursos didácticos.....	33
11. Medidas de atención á diversidade.....	34
12. Procedementos de avaliación do alumnado.....	35
12.1. Procedementos de avaliación.....	35
12.2. Instrumentos de avaliación.....	36
12.3. Cualificación.....	36

13. Procedemento de seguimento e avaliación de materias pendentas.....	38
14. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.....	39
15. Avaliación e modificación da programación didáctica.....	40
16. Bibliografía.....	40

1.-Introdución

1.1.-Marco legal

A presente programación fíxose ó amparo do **Decreto 86/2015, do 29 de XUÑO**, que establece a estrutura da ensinanza secundaria obrigatoria e fixa o currículo desta. Segundo expón a lexislación educativa vixente enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos, e criterios de avaliación que regularan a práctica docente e aplícase no currículo do centro a través das concrecións curriculares do centro, o perfil de área e o perfil competencia; estas trasládanse á aula por medio da programación didáctica que propón o docente, onde se recollen as propostas metodolóxicas e de avaliación que a desenvolver na aula, establécense as Unidades didácticas integradas que especifican as tarefas, os proxectos e actividades de aula a levar a cabo para traballar os contidos das materias e así o alumnado adquira as competencias clave sendo avaliado polos estándares de aprendizaxe.

1.2.- A Tecnoloxía na ESO

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. A tecnoloxía achégalle ó currículo a capacidade de analizar e deseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediatez, que lle son propias, dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente; ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

1.3.- A Programación na ESO

A informática desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque está integrada en case todas as tecnoloxías aplicadas para satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, Programación achégalle ao currículo a capacidade de analizar problemas e necesidades do mundo real, e a de deseñar algoritmos que os resolvan e que poidan aplicarse na construción de sistemas tecnolóxicos. Pero ademais, a programación dota o alumnado de técnicas e habilidades que permiten aumentar as súas capacidades de análise e de resolución de problemas que, xunto coa potenciación da capacidade de innovación, proporcionan a esta materia unha gran relevancia educativa. No desenvolvemento das tarefas propias da programación conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático. Daquela, o bloque Diagramas de fluxo trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo. O bloque Programación por bloques introduce un paradigma de programación

que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas. O bloque Programación web introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.

1.4.- As TIC na ESO

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste senso, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

O coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela. A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico.

2.-Contextualización

2.1.- O centro: características ambientais-espaciais.

O centro, IES Castro de Baronceli, atópase nas aforas de Verín, concretamente preto da aldea de Queizás, pertencente a provincia de Ourense. O centro conta cun alumnado, esencialmente, provinte dos concellos rurais da comarca de Monterrei. É un centro pequeno só dispón dunha liña por curso, agás en 1º da ESO que ten dúas. A cantidade alumnado presente no centro, aproxímase ós 120 alumnas/os. Con respecto ó departamento de tecnoloxía imparte na ESO, en 2º e 3º a materia de Tecnoloxías, en 4º a materia TIC e ademais a materia de programación en 2º da ESO.

O departamento de tecnoloxía conta con dous profesores, que son Pablo Fernández Villanueva e Francisco Álvarez Lorenzo. As materias e cursos nos que imparten queda do seguinte xeito:

- Tecnoloxía 2º ESO 2ºA: Francisco Álvarez Lorenzo
- Tecnoloxía 2º ESO 2ºB: Francisco Álvarez Lorenzo
- Programación 2º ESO 2ºA: Francisco Álvarez Lorenzo
- Programación 2º ESO 2ºB: Francisco Álvarez Lorenzo
- TIC 4º ESO 4º A: Pablo Fernández Villanueva

2.1.1 Características da zona :

A **Comarca de Monterrei** sitúase no extremo Sur-oriental de Galiza. Limita ao norte coa Comarca de Conso-Frieiras, ao sur coa veciña Portugal, concretamente coa zona de Trassomontes, ao leste coa comarca de Sanabria, pertencente a provincia de Zamora e ao oeste Coa comarca da Limia.

A comarca de Monterrei fórmana os concellos de Os Riós, Vilardevós, Castrelo do Val, Laza, Oímbra, Monterrei, Verín e Cualedro. A orixe do centro foi a de dar cobertura na ensinanza secundaria Obrigatoria (ESO) ó alumnado provinte dos concellos do rurais do Concello de Monterrei. Co mal que adocen estas terras, a progresiva e inexorable desruralización, o que provoca a baixada de matriculas no centro este en reposta empezou a acoller alumado da Vila da Comarca.

2.1.2 Características do centro:

O centro ten unha máis que correcta dotación, para o correcto desenvolvemento de tódalas materia que neste se imparten: biblioteca, aula de informática, laboratorio de ciencias, aula de tecnoloxía, aula de plástica, ximnasio...

No que concerne a este departamento o centro dispón de dúas aulas de informática. Contan estas con 15 equipos, cada unha, un canon e acceso a internet. Ademais disponse da dotación facilitada pola Xunta en Robótica (Raspberry Pi, Arduino, Mbot-Ranger) e unha impresora 3D. O taller de Tecnoloxía está equipado coa ferramenta e os medios necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade docente.

2.2 O alumnado:

O alumnado de ESO para este curso 2018/2019 suma un total de 121 **alumnos/as**, repartidos nos seguintes cursos:

- **1ºA ESO:** 27 alumnas/os en total.
- **1ºB ESO:** 28 alumnas/os en total.
- **2º A ESO:** 17 alumnas/os en total.
- **2º B ESO:** 20 alumnas/os en total.
- **3º A ESO:** 18 alumnas/os.
- **3º B ESO:** 15 alumnas/os.
- **4º ESO:** 26 alumna/os.

Como é normal, o centro conta con alumnado con NEAE (Necesidades Educativas de Atención Específicas) co que se terá unha especial atención para paliar as necesidades deste alumnado. O xeito de abordar estas necesidades contemplase, na presente programación, nun apartado específico.

O alumando do centro en xeral, é alumnado con pouca motivación, no plano académico, probablemente polo seu entorno sociocultural e o propio sistema educativo pouco motivador. O alumado sole ter pouco hábito de estudio, quitando honrosas excepcións, pero con boa disposición para traballar, durante as horas lectivas.

Nos últimos anos aumentou a porcentaxe de alumnado procedentes doutros países, de fora da unión europea ou como moito de recén chegados a esta, que se incorporan tarde

á ensinanza e solen traer un nivel académico algo máis baixo co do alumnado autóctono, este alumnado supón unha pequena porcentaxe do total de alumnado do centro.

2.3 O profesorado e o persoal laboral do centro:

No centro cóntase cun total de 19 profesores, practicamente un por especialidade. Nos departamentos que teñen máis dun profesor, como é o caso do departamento que ocupa a presente programación didáctica, os docentes deste, imparten materias doutros departamentos, como é o caso dos dous profesores do departamento. Un imparte a materia de Matemáticas e o outro Música (é o xefe de departamento desta), ademais das xa mencionadas materias no departamento de tecnoloxía.

Como persoal laboral contase con dúas cociñeiras, dúas administrativas e dúas limpadoras constitúen o persoal laboral, do centro.

2.4 O entorno sociocultural e familiar

O nivel sociocultural das familias do alumnado é de tipo medio. As labores máis habituais as que se dedican os núcleos familiares e ó medio rural. Isto supón que un gran número de nais traballan en labores relacionadas co campo pero que non ten gratificacións pecuniarias, polo que moitas familias só dispoñen dunha fonte de ingresos na casa. Outro núcleo familiar é onde ademais dos pais conviven cós avós, que son moitas veces os que dedican á labor do coidado dos menores da casa.

3. Obxectivos

3.1 Obxectivos xerais de etapa

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

3.2 Obxectivos específicos da materia Tecnoloxía

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a que os/as alumnos/ás adquiran as seguintes capacidades:

- a) Desenvolver autonomía e confianza para inspeccionar, manipular e intervir en máquinas, sistemas e procesos técnicos e comprender o seu funcionamento.

- b) Comprender o papel da enerxía en procesos tecnolóxicos, as súas distintas transformacións e aplicacións e adoptar actitudes de aforro e valoración da eficiencia enerxética.
- c) Utilizar correctamente os útiles, máquinas e ferramentas, dispoñibles na aula taller, valorando a importancia da súa correcta utilización, tanto dende o punto de vista económico coma de seguridade persoal.
- d) Comprender e explicar como se organizan e desenvolven procesos tecnolóxicos concretos, identificando e describindo as técnicas e os factores económicos e sociais que concorren en cada caso.
- e) Analizar obxectos e sistemas técnicos para comprender o seu funcionamento, a mellor forma de usalos e controlalos, de cara á súa posterior aplicación en proxectos.
- f) Analizar e valorar criticamente o impacto do desenvolvemento científico e tecnolóxico na evolución da sociedade, así como na organización do tempo libre e nas actividades de ocio.
- g) Transmitir con precisión coñecementos e ideas sobre procesos ou produtos tecnolóxicos utilizando vocabulario, símbolos e formas de expresión apropiadas.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As capacidades a aplicar de xeito integrado, cos contidos propios desta materia, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos son:

- Competencia lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Aprender a aprender (CAA)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A continuación detallamos como esta materia contribúe a adquisición destas competencias :

A contribución á competencia lingüística (CCL) realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ten que utilizarse nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e das súas estruturas formais. O uso da lingua galega no contexto tecnolóxico (léxico específico) facilita a normalización da propia lingua.

A materia contribúe de forma relevante o desenrolo das **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**, na medida na que proporciona situacións de aplicabilidade a diversos campos, colaborando á mellora da confianza no uso desas ferramentas matemáticas. Algunhas delas están especialmente presentes nesta materia, como a medición e o cálculo de magnitudes básicas, o uso de escalas, a lectura e interpretación de gráficos, a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas, referidas a principios e fenómenos físicos, que resolven problemas prácticos ou necesidades sociais. Ademais a área de tecnoloxía contribúe de forma directa ao desenvolvemento da **competencia científico-tecnolóxica**, principalmente, median-

te o coñecemento e a comprensión de obxectos, procesos, sistemas e ambientes tecnolóxicos, e a través do desenvolvemento de destrezas técnicas e habilidades para manipular obxectos con precisión e seguridade.

O tratamento específico das TIC, integradas nesta materia e como materia propia na presente programación, proporciona unha oportunidade especial para desenvolver a **competencia dixital (CD)**, e a este desenvolvemento están dirixidos concretamente unha parte dos contidos, dando confianza no uso dos ordenadores, fomentando as destrezas básicas informáticas.

En maior medida están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información. Por outra parte, destacamos para o desenvolvemento desta competencia, o uso extensivo das tecnoloxías da información e da comunicación para a simulación de procesos tecnolóxicos e para a adquisición de destrezas con linguaxes específicas, como a icónica ou a gráfica.

A contribución á adquisición da **competencia social e cívica (CSC)** virá determinada polo modo no que se aborden os contidos, especialmente os asociados ao proceso de resolución de problemas tecnolóxicos, onde o alumnado ten múltiples ocasións (traballos colaborativos) para expresar e discutir adecuadamente ideas e razoamentos, escoitar ás outras persoas (facer unha escoita activa), abordar atrancos, xestionar conflitos e tomar decisións practicando o diálogo e a negociación, e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara ás súas compañeiras e aos seus compañeiros.

A **conciencia e expresións culturais (CCEC)** adquirese desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade na resolución das necesidades sociais e permite unha mellor apreciación das manifestacións culturais que sempre incorporan elementos técnicos.

Á adquisición da **competencia de aprender a aprender (CAA)** contribúese polo desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas, reflexión sobre as relacións de causa-efecto, os contrastes nos procesos de experimentación e construción. O estudo metódico de obxectos, sistemas ou contornos axuda a desenvolver habilidades e estratexias cognitivas e promove actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

O **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)** tan importante nestes tempos, céntrase no modo particular que proporciona esta materia para abordar os problemas tecnolóxicos, e será maior na medida en que, a metodoloxía empregada na aula, fomente modos de enfrontarse a eles de xeito autónoma e creativa, incida na valoración reflexiva das diferentes alternativas e prepare para a análise previa das consecuencias das decisións que se toman no proceso.

5. Vinculación de Contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

5.1. Tecnoloxía, 2º de ESO

Tecnoloxía. 2º curso ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas. ▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas. ▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo. ▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				

Tecnoloxía. 2º curso ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. ▪ B3.2. Propiedades dos materiais técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller. ▪ B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos				

Tecnoloxía. 2º curso ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estructuras: elementos, tipos e funcións. ▪ B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas. ▪ B4.4. Relación de transmisión. ▪ B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

Tecnoloxía. 2º curso ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
			adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Elementos dun equipamento informático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC

5.3. Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros. ▪ B1.2. Intercambio e publicación de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación. 		<ul style="list-style-type: none"> protección da información persoal. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución. ▪ B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes				

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	▪ B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	▪ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	▪ CD ▪ CMCCT.
			▪ TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.	▪ B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	▪ TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA
▪ a ▪ f	▪ B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	▪ B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	▪ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	▪ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.	▪ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital				
▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ a	▪ B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos. ▪ B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. ▪ B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.	▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o	B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.		<ul style="list-style-type: none"> TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL CSIEE CD CMCCT. CAA CSIEE
c f g h i m ñ o	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos. B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos. 	B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC CSC CD CMCCT. CCL CAA CSIEE
Bloque 4. Seguridade informática				
a f	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas. B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección. B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas. 	B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CD CMCCT.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos				
<ul style="list-style-type: none"> b f 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a f g h i m ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL CSC CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a b c g h i m ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación. B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregarlos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CSC
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión				
<ul style="list-style-type: none"> a b 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma 			<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f	accesibles.	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas. B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
g	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde. 		<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL
h	<ul style="list-style-type: none"> B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade. 		<ul style="list-style-type: none"> TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT.
i	<ul style="list-style-type: none"> B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores. 			<ul style="list-style-type: none"> TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.
m	<ul style="list-style-type: none"> B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT. CCL
ñ				
ñ				

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística (CCL)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Competencia dixital (CD)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)3.2. Desenvolvemento e temporalización das unidades didácticas.

6. Distribución de contidos en unidades didácticas (Temporalización)

A temporalización das unidades didácticas fíxose segundo a dificultade intrínseca dos contidos de cada unidade. A dificultade determina que cada unidade precise máis ou menos tempo a súa asimilación e sobre todo a cantidade e variedade de actividades prácticas.

A realización de proxectos na aula considerase a mellor estratexia para aunar os coñecementos e as habilidades. O longo do curso, prográmanse a construción de proxectos.

Na seguinte táboa establécense as unidades didácticas xunto coa temporalización de cada unha:

6.1. Táboa de temporalización: Tecnoloxía de 2º Da ESO

	UD	Sesións
1ª Avaliación	1	10
	2	20
	3	11
2ª Avaliación	4	6
	5	6
	6	12
3ª Avaliación	7	17
	8	7
	9	7

6.2. Táboa de temporalización: Programación de 2º da ESO

	UD	Sesións
1ª Avaliación	0 e 1	12
2ª Avaliación	2	12
3ª Avaliación	3	9

6.4. Táboa de temporalización: TIC's de 4º da ESO

Para a temporalización tívose en conta que no curso haberá 35 semanas lectivas x 3 horas semanais = 105 sesións. Sempre e cando non haxa incidencias como: saídas educativas, folgas, actividades extraescolares; e tendo en conta que haberá que dedicar polo menos 6 sesións para os exames de todo o curso, sendo moi optimistas teremos 100 sesións de 50 minutos para intentar explicar os contidos. Quedando repartidas por bloques na seguinte táboa, e con máis detalle na táboa onde se amosan os estándares de aprendizaxe.

<i>Unidade</i>	<i>Sesións</i>	<i>Temporalización</i>
1	Ética e estética na interacción en rede	10 h
2	Computadores, sistemas operativos e redes	20 h
3	Organización, deseño e produción de información dixital	20 h
4	Seguridade informática	15 h
5	Publicación e difusión de contidos	20 h
6	Internet, redes sociais e hiperconexión	20 h

6.1. Relación de unidades didácticas

A continuación propónse (dentro deste punto) a división do currículo de 2 e 3 da ESO, na materia de Tecnoloxía, Programación de 2º da ESO e de TIC,s de 4º da ESO atendendo ó que se tratará en cada unidade didáctica de xeito esquemático.

6.1.1 Unidades didácticas de Tecnoloxía 2º da ESO

Unidade 1. A Tecnoloxía e o proceso tecnolóxico

- Ingredientes da tecnoloxía.
- Fases do proceso tecnolóxico.
- A aula taller e o traballo en grupo.
- Normas de hixiene e seguridade na aula taller.
- A memoria dun proxecto.

Unidade 2 .Expresión gráfica

- Debuxo técnico. Concepto e utilidade .
- Materiais e instrumentos básicos.
- Trazados básicos de debuxo técnico.
- Introducción á representación de vistas

Unidade 3. Materiais

- Materias primas, materiais e produtos tecnolóxicos.
- Clasificación das materias primas segundo a orixe.
- Propiedades (físicas, químicas e ecolóxicas) dos materiais.

Unidade 4. A madeira e derivados

- A madeira: constitución e propiedades .
- Gasificación da madeira.
- Derivados da madeira: madeiras prefabricadas e materiais celulósicos. -Procesos de obtención, propiedades características e aplicacións.
- Ferramentas, máquinas e útiles.
- Normas de seguridade e hixiene no trabado coa madeira.

Unidade 5. Os metais

- Os metais Obtención e clasificación
- Metais ferrosos.
- Técnicas de manipulación

Unidade 6. Estruturas e mecanismos

- Forzas e estruturas. Estruturas naturais e artificiais.
- Tipos principais de esforzos: tracción, compresión, flexión, torsión e cortante.
- Condicións das estruturas: rixidez. resistencia e estabilidade. Triangulación.
- **Tipos de estruturas.**

Unidade 7. Electricidade

- Circuitos eléctricos.
- Elementos dun circuito eléctrico.
- Magnitudes eléctricas.
- Lei de Ohm. Aplicacións da lei de Ohm.
- Normas de seguridade ao traballar coa córreme eléctrica.

Unidade 8.O ordenador

- Introducción á informática.
- O ordenador: elementos internos, compoñentes e funcionamento básico
- Software e sistema operativo.
